

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 28 DE AGOSTO**

### **DE 2008**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e oito de agosto de dous mil oito, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Faise constar que dona Carmen Tato Lago, do PSdeG-PSOE, incorpórase á sesión cando son ás 20:45 h.

Asiste dona M<sup>a</sup> Fernanda Montero Carré como secretaria accidental da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria de 26 de xuño e sesión extraordinaria de 29 de xullo de 2008**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria de 26 de xuño e sesión extraordinaria de 29 de xullo de 2008.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

## **2º Aprobación, se procede, das bases das bolsas de estudo para o curso 2008-2009**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes de data 20 de agosto actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá de data 26 de agosto actual.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que como xa dixeron nas comisións informativas, 60 euros parécelles un importe reducido, e que tamén a renda que se esixe ás familias lles parece moi difícil, porque 6000 euros é unha cantidade que poucas familias poderán acadar, pero que en calquera caso o seu grupo vai votar a prol da proposta.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que como xa dixeron nas comisións informativas, parécelles bastante pouco se teñen en conta o que hoxe en día supón a adquisición de material escolar para os alumnos e alumnas. En todo caso o seu grupo tamén vai votar a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases de bolsas de estudo para o curso 2008-2009.

Segundo: Autorizar un gasto de 7.200,00 euros con cargo á partida 2008 403 422 481 “bolsas de estudo” do orzamento municipal.

Terceiro: Comunicar a resolución aos Servizos Económicos para os efectos oportunos.

Cuarto: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, así como darlles publicidade mediante avisos nun dos xornais de maior tiraxe da provincia e mediante trípticos informativos sobre a convocatoria.

### **3º Aprobación, se procede, da modificación da ordenanza reguladora da prestación dos servizos contidos no “Programa Mañanceiro”, inscrición e selección dos solicitantes**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes de data 20 de agosto actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá de data 26 de agosto actual.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación do artigo 2, apartado 1, 3 e 4; o artigo 5, apartado 1 e 2; o artigo 7; o Anexo I, apartado 2º e 3º e o Anexo II da Ordenanza reguladora da prestación dos servizos contados no “Programa Mañanceiro”, inscrición e selección dos participantes, tal e como se transcribe a continuación, manténdose nos seus termos o resto do texto dos anteditos artigos.

Os parágrafos modificados quedarían redactados do seguinte xeito:

#### **Art.2.- Prestación dos servizos.**

1.- Os servizos que comprende o “Programa Mañanceiro” prestaranse, de luns a venres, en días lectivos, nos seguintes centros:

- CEIP Gonzalo Torrente Ballester de Sigrás: un grupo de escolares, en un periodo de estancia de 2,5 horas antes do comezo do horario escolar.
- CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre: un grupo de escolares, nun periodo de estancia de 2 horas antes do comezo do horario escolar.
- CEIP Emilio González López de Brexo-Lema: un grupo de escolares, nun periodo de 2 horas antes do comezo do horario escolar.
- CEIP Portofaro: un grupo de escolares, nun periodo de 1,5 horas antes do comezo do horario escolar.
- CEIP Graxal II: un grupo de escolares, nun periodo de 1,5 horas antes do comezo do horario escolar.

O número de grupos de escolares poderá aumentar en función da demanda existente para

cada curso escolar.

2.- Comezará a partir das 7:30 horas da mañá, coa apertura do centro educativo, e rematará co comezo do horario escolar establecido en cada centro.

3.- O número de alumnos/ as por grupo en cada centro será unha media de 13 como mínimo e o número máximo de 26. Non obstante, se nun centro houbera máis demanda, e existiran posibilidades económicas por non levarse a cabo o programa nalgún centro dos previstos, poderíase aumentar este número máximo de alumnos.

4.- Os servizos serán prestados polo seguinte persoal:

- Un camareiro/ a por cada grupo de ata 35 alumnos, 2 de 36 a 71 e 3 de 72 a 104.

- Dous monitores por cada grupo de ata 26 alumnos, 3 de 27 a 40, 4 de 41 a 65 e 5 de 66 a 104.

- Un coordinador/ a do programa.

- No suposto de ter un alumno/ a con necesidades educativas especiais e como consecuencia dunha valoración técnica municipal, existirá un monitor de apoio especializado.

#### **Art. 5.- Tramitación de acceso aos servizos.**

1.- Os servizos do programa serán prestados polo Concello de Cambre por instancia dos interesados, e establécese un prazo de inscrición que será dende a segunda quincena do mes de xuño ata a primeira quincena do mes de xullo do curso escolar anterior ao da posta en marcha do novo servizo.

Non obstante, poderá presentarse solicitude con posterioridade, durante a duración do curso escolar, tendo en conta que, no suposto de que o grupo xa contara co máximo de alumnos/ a, o solicitante sería incluído na lista de espera.

En cada curso escolar deberase solicitar de novo a praza para participar no programa.

2.- As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello segundo o modelo establecido, modelo que se achega como ANEXO II, achegando con ela fotocopia da seguinte documentación, que será compulsada no momento de entregala para o que deberase amosar os orixinais:

a) Xunto coa solicitude e se se dese o caso:

- Título de familia numerosa
- Aqueles participantes que teñan problemas alimentarios (celíaco, diabético...) ou outros que sexa necesario ter coñecemento deles por parte do Concello de Cambre, achegarán informe médico onde se recollan.

b) No suposto de que haxa máis solicitudes que prazas, e logo do requerimento dende o Concello de Cambre:

- Libro de familia.
- Vida laboral do pai, nai e/ ou titor legal ou tarxeta de demanda de emprego, segundo o caso.
- Sentenza de separación ou divorcio ou xustificante de viuvez.
- Xustificación de ingresos económicos: Autorización asinada para que o Concello solicite os datos da renda á Axencia Tributaria, segundo modelo que se achega.

Se se dese o caso:

- Certificado de minusvalía do participante e informe médico.
- Outros documentos, se procede, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuábeis no baremo.
- Declaración xurada de situacións que non poidan ser documentadas de forma oficial.

---

**AUTORIZACIÓN BANCARIA**

D./ Dna.: \_\_\_\_\_ con DNI: \_\_\_\_\_ como titular da conta bancaria número:

Nº CC: \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_

autorizo a domiciliación dos recibos do Programa Mañanceiro para o curso escolar 20\_\_ - 20\_\_ do Concello de Cambre.

Asinado: \_\_\_\_\_

---

Para tal efecto, rematado o prazo de recepción de solicitudes procederase ao exame da documentación presentada e no suposto de que se presentasen máis solicitudes que prazas, requiriráselles aos interesados para que no prazo de 10 días presenten a documentación á que se fai referencia no punto dous b, do presente artigo coa indicación de que, se así non se fixese, terase por desistido da súa petición, logo da resolución en tal sentido.

**Art.7.- Comisión de Baremación:**

A todas as solicitudes recibidas aplicarase un procedemento de estimación. Para tal fin constituirase unha comisión de seguimento composta por:

- O/ A Concelleiro/ a da Área de quen dependa o Programa Mañanceiro.

- O/A Concelleiro/a de quen dependa o Programa Mañanceiro.
- O/A Director/a do Centro Escolar de Educación Infantil e Primaria correspondente.
- O/A Presidente/ a da ANPA ou membro en quen delegue.
- O/ A funcionario/a responsable do programa.

Os acordos tomaráanse por maioría simple e resolverá, en caso de empate, o Concelleiro da Área.

## ANEXO I

Baremo de aplicación ás solicitudes de admisión no Programa Mañanceiro:

1º.- Situación socio – familiar:

SITUACIÓN	PUNTOS
Familia monoparental ( pai, nai, ou titor legal)	6
Familia numerosa:	4
Por discapacidade física, psíquica ou sensorial do participante.	3
Familia formada por pai e nai.	2
Calquera outra situación socio-familiar que sexa susceptible de valoración.	1

2º Situación laboral-familiar:

SITUACIÓN	PUNTOS
Familia monoparental en situación de desemprego ou emprego	7
Pai ou nai en situación de emprego (cada un)	3
Pai e/ou nai en situación de desemprego sen prestación económica (cada un)	3
Pai e/ou nai en situación de desemprego sen prestación económica (cada un)	3

3º.- Situación económica, tendo en conta a renda anual da unidade familiar:

SITUACIÓN	PUNTOS
Ingresos iguais ou inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (iprem).	8
Ingresos superiores ao iprem e inferiores ao duplo deste indicador	7
Ingresos superiores ao duplo do iprem e inferiores ao triplo deste	6

indicador.	
Ingresos iguais ou superiores ao triplo do iprem.	5

4º - Permanencia no programa:

SITUACIÓN	PUNTOS
Por permanencia do alumno/ a no programa no curso anterior (todo os meses e días da duración do programa)	5

## ANEXO II

### INSCRIPCIÓN

#### 1.- DATOS DO NENO/A

APELIDOS.....

NOME.....

Rúa ou praza.....Nº.....Piso.....

Municipio.....C.P.....Teléfono.....

Outros teléfonos.....C.electrónico.....

Centro Escolar.....Curso.....Data de nacemento.....

#### 2.- DATOS FAMILIARES

Pai, Nai ou titor.....

DNI.....

#### 3.- DATOS DO PROGRAMA MAÑANCEIRO

Horario de entrada:

7:30.....

8:00.....

8:30.....

Tempo de solicitude:

Un mes.....

Todo o curso....

Días soltos: \_\_\_\_\_ No mes de: \_\_\_\_\_

Almorzo:

Si....

Non....

Accede ás reducións segundo o baremo presentado no reverso da folia

Solicita redución do 30%....

Solicita redución do 100%..

Familia Numerosa

Tarifas:

CENTRO	CON ALMORZO		SEN ALMORZO	
	Mes completo	Días soltos	Mes completo	Días soltos
W.FDEZ. FLÓREZ CAMBRE				
GONZALO T. BALLESTER DE SIGRÁS				
O GRAXAL				
PORTOFARO				
EMILIO G. LÓPEZ DE BREXO-LEMA				

FAMILIA NUMEROSA: \_\_\_\_\_  
NON EMPADROADO: \_\_\_\_\_

Número de conta bancaria (20 díxitos)

\_\_\_\_\_/\_\_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_\_

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello segundo o modelo establecido, modelo que se achega como ANEXO II, achegando con ela fotocopia da seguinte documentación, que será compulsada no momento de entregala para o que deberase amosar os orixinais:

a) Xunto coa solicitude e se se dese o caso:

- Título de familia numerosa
- Aqueles participantes que teñan problemas alimentarios (celíaco, diabético...) ou outros que sexa necesario ter coñecemento deles por parte do Concello de Cambre, achegarán informe médico onde se recollan.

b) No suposto de que haxa máis solicitudes que prazas, e logo do requerimento dende o Concello de Cambre:

- Libro de familia.
- Vida laboral do pai, nai e/ ou titor legal ou tarxeta de demanda de emprego, segundo o caso.
- Sentenza de separación ou divorcio ou xustificante de viuvez.
- Xustificación de ingresos económicos: Autorización asinada para que o Concello solicite os datos da renda á Axencia Tributaria, segundo modelo que se achega.

Se se dese o caso:

- Certificado de minusvalía do participante e informe médico.
- Outros documentos, se procede, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuábeis no baremo.



- Declaración xurada de situacións que non poidan ser documentadas de forma oficial.

---

**AUTORIZACIÓN BANCARIA**

D./ Dna.: \_\_\_\_\_ con DNI: \_\_\_\_\_ como titular da conta bancaria número:

Nº CC: \_\_\_\_\_/\_\_\_\_\_/\_\_\_\_\_/\_\_\_\_\_

autorizo a domiciliación dos recibos do Programa Mañanceiro para o curso escolar 20\_\_-20\_\_ do Concello de Cambre.

Asinado: \_\_\_\_\_

---

Cambre,.....de..... de 200...

Sinatura (pai/ nai/titor)

Segundo: Abrir un prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobada a modificación da Ordenanza reguladora da prestación dos servizos contados no “Programa Mañanceiro”, inscrición e selección dos participantes e publicarase o texto modificado no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local.

#### **4º Mocións**

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

#### **A) Moción do grupo municipal popular para o recoñecemento das actividades dos voluntarios de Protección Civil nos procedementos de selección**

Rexistrada de entrada ao núm. 10594 o día 22 de agosto de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“No pasado pleno extraordinario que tivo lugar o día 13 deste mes aprobouse a oferta pública de emprego do Concello de Cambre para o ano 2008. Entre os postos ofertados atópanse os de 4 membros de Protección Civil. Os actuais membros de Protección de Cambre participaron de maneira exemplar en numerosos incidentes ocorridos no noso concello e incluso participaron noutros ocorridos na comarca, polo que entendemos que esta corporación debe realizar unha mención especial á súa actividade.

Moitos dos membros de Protección Civil de Cambre participaron de forma activa neste corpo coa condición de voluntarios o que fai que a súa achega á comunidade deba ser dobremente recoñecida: por un lado, pola súa irreprochable profesionalidade demostrada durante os seus anos de servizo e por outro, porque a súa participación como voluntarios, de maneira altruista, merece o agradecemento de todos os veciños.

A Lei de emerxencias de Galicia prevé unha fórmula para o recoñecemento da actividade destas persoas que voluntariamente se dedicaron a axudar e socorrer aos seus conveciños, permitindo na súa Disposición Adicional Primeira que nos procesos de selección de persoal se teña en conta como mérito a experiencia adquirida durante os anos de servizo en tarefas de protección civil de forma voluntaria.

Por estes motivos, os concelleiros do Partido Popular propoñemos ao pleno de Cambre para o seu debate e posterior aprobación, se procede, a adopción dos seguintes

#### ACORDOS

Único: Instar ao equipo de goberno a que inclúa como mérito valorable nas bases específicas para a provisión dos postos de Protección Civil de Cambre ter desempeñado funcións de voluntario no noso concello, concedendo maior puntuación a aqueles candidatos que máis anos teñan desempeñado a actividade.”

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo está de acordo co que implica toda a exposición de motivos, por canto a actuación dos voluntarios de Cambre, en xeral de todos, pero referíndose agora en concreto aos de Protección Civil, é digna da maior valoración, eloxio e medida. Di que co que desgrazadamente non poden estar de acordo é co acordo que se propón, por ir en contra da lexislación vixente. Concretamente a Constitución prohíbe a discriminación por calquera tipo de causa, como pode ser a residencia ou o lugar de prestación de traballo. Por iso di que

propoñen ao PP trasladar a moción a unha reunión da Xunta de Voceiros, de xeito que entre todos os grupos políticos poidan consensuar unha fórmula que permita o recoñecemento, adaptado á lexislación vixente, duns méritos que todos están de acordo que hai que valorar e recoñecer a aqueles que desempeñaron labores voluntarios ou profesionais, de voluntariado en Protección Civil de Cambre.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo tamén está de acordo coa parte expositiva da moción, pero que a proposta que con toda a súa boa vontade fai o PP, e que pode aparentar ser unha boa disposición para as persoas que estiveron desempeñando ese traballo, pode transformarse en todo o contrario.

Di que a Lei de emerxencias de Galicia, na Disposición Adicional Primeira, recoñece a posibilidade de valorar como méritos ter estado como voluntarios nos grupos de intervencións de emerxencias, pero que iso non está restrinxido só aos do concello concreto no que se convocan as prazas, senón que calquera podería vir. Por tanto, todas as persoas que estiveron de voluntarios nos diferentes grupos do Estado, nos Grumir, poderían tamén achegar méritos, e sen ter os datos concretos, pero case de memoria, poden dicir que en concellos moi próximos hai unha cantidade de persoas que seguramente acumularían unha morea máis de anos de voluntariado que as persoas ás cales pretenden facerlles un recoñecemento no Concello de Cambre. Por iso o seu grupo proponlle ao PP que reconsidere esa parte dispositiva da moción. Están totalmente de acordo en facer ese recoñecemento aos méritos desas persoas, pero buscando unha fórmula que no momento axeitado, xa sexa na Xunta de Voceiros ou facéndolle propostas ao goberno, se poida facer conforme coa lexislación vixente.

Nestes momentos, cando son as 20:45 horas, incorpórase á sesión dona Carmen Tato Lago, concelleira do PSdeG-PSOE.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que tamén o seu grupo está de acordo con que se recoñezan os méritos ás persoas que levan prestando en Cambre os seus servizos a Protección Civil, como xa se viñan recoñecendo, porque todos eles son conscientes de que nas contratacións que existen na tempada de verán para a extinción de incendios, dalgunha maneira xa se primaba á xente que estaba realizando xa eses traballos como voluntarios de Protección Civil. Di que será nas bases que quedan pendentes de determinar onde se terá que especificar que puntuación se lle vai dar, que proporcionalidade se vai esixir, para non primar á xente allea ao Concello de Cambre, e discriminar aos voluntarios de Cambre. Pensa que iso é o que hai que facer cando se

elaboren as bases, que exista unha proporcionalidade sobre o que se lles vai a dar, pero de xeito que esa proporcionalidade e esa puntuación non determine o acceso á praza.

Conclúe dicindo que, por todo o anterior, o seu grupo solicita que, ben na Xunta de Voceiros, ben no momento de elaboración das bases, que poden ser participativas entre todos os grupos, que se determine de que maneira se vai puntuar este tema.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que tamén está de acordo coa moción do PP, coas matizacións que xa fixeron o resto dos seus compañeiros.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez expón que as atribucións para desenvolver as bases son do concelleiro de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, e que coas propostas que se fixeron agora, nesas atribucións, en certo modo, se lles cede participación aos voceiros, co cal van a ser unhas bases consensuadas con todos os grupos, que era o que eles pretendían, polo que non teñen ningún inconveniente en que sexa a Xunta de Voceiros a que valore as bases.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a corporación, acordou:

Que a redacción final das bases específicas que se elaboren para a provisión dos postos de Protección Civil de Cambre se redacten de maneira consensuada entre todos os grupos municipais a través do seu debate na Xunta de Voceiros do concello.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

**B) Moción do grupo municipal do BNG para o inicio dun programa de voluntariado medioambiental do Concello de Cambre**

Rexistrada de entrada ao núm. 10615 o día 23 de agosto de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“Sería prolixo enumerar os importantes valores medio ambientais e paisaxísticos do noso Concello. Cremos que ninguén, e menos nesta corporación, discutirá que entre eles están os máis importantes valores patrimoniais que debemos preservar e poñer en valor para o futuro. A sociedade cambresa queda sumida na perplexidade –cando non na rabia- cando ve como referentes do noso territorio que nos dignificaban e describían van desaparecendo pouco a pouco sen que, aparentemente, a administración sexa capaz ou teña a vontade de evitalo.

Estamos nunha sociedade que, en contra dos diagnósticos pesimistas dalgúns, non é pasiva nin despreocupada, máis ben ao contrario, é activa, solidaria e participativa. Éo tamén, non por querer establecer un contra poder desde a sociedade para enfrontarse coas administracións, senón porque moitas persoas son conscientes de que tamén desde o labor persoal e altruísta se pode contribuír a unha mellor convivencia.

Isto é unha das razóns de ser do voluntariado, unir o altruísmo e a solidariedade para mellorar as cousas co esforzo persoal. É o facer, o actuar.

E aquí é onde as administracións teñen unha obriga básica, contribuír a dar soporte e os instrumentos necesarios para que a sociedade poida organizarse, participar e actuar. Sen pretensións manipuladoras nin inxerencias.

Son moitos os exemplos da solidariedade activa que se poderían dar e non hai que saír de Cambre para atopalos. Coidamos que están na mente de todos e todas.

Desde o BNG entendemos que no medio ambiente e na defensa e posta en valor do patrimonio é onde podemos topar cun bo número de persoas dispostas a colaborar. Que tan só precisan saber como facelo e que se lle faciliten os instrumentos necesarios.

Neste momento hai dúas rutas de sendeirismo e ciclismo homologadas, outra, a do río Mero, chamada a ser un dos referentes naturais desta comarca, así como cantidade de rutas que se poderán establecer nos próximos anos. Rutas que como podemos comprobar non se atopan nun estado de conservación adecuado. Estamos vendo, así mesmo, como masas forestais ou árbores singulares van desaparecendo ano tras ano. Vemos como o incivismo dalgúns aproveita os vellos camiños para o depósito de lixo de todo tipo ou como accesos a estes camiños son pechados por accións malintencionadas ou, simplemente, pola falta de

mantemento. Necesitamos, polo tanto, que moita xente se involucre na súa preservación e defensa. Porque hai persoas que queren facer, que queren colaborar.

Hoxe a lei de voluntariado de Galiza e os distintos programas do Plan Galego de Voluntariado dan a cobertura xurídica e administrativa, e tamén económica, para artellar a sociedade en torno á defensa e promoción do patrimonio común.

Coa experiencia acumulada en Cambre, coidamos, é o momento de ofrecer ás persoas con esta sensibilidade os medios para actuar. Parécenos que a creación dun programa de voluntariado medioambiental en Cambre é de todo punto de vista apropiada. Un programa que poida ter o apoio desde todas as áreas de goberno e que conte cos medios adecuados para desenvolver o seu traballo.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Único: O pleno do Concello de Cambre acorda que se cree o programa de voluntariado medioambiental municipal cos obxectivos do coidado e posta en valor das rutas homologadas, do contorno do río Mero e, da preservación e posta en valor do patrimonio forestal e natural do territorio municipal. Para este obxecto será desenvolvida unha ampla campaña de difusión e captación de persoas voluntarias, tendo como meta a súa formalización dentro deste ano.”

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta o profundo acordo do grupo municipal de goberno coa moción presentada polo BNG, xa que trata de fomentar a colaboración e a cooparticipación entre a sociedade civil e as administracións públicas, entre a sociedade civil e a sociedade política, fomentando as actividades non lucrativas, as actividades altruistas, as actividades de solidariedade, as actividades que levan consigo conseguir unha sociedade participativa. Simplemente quere pedir ao BNG que na parte do acordo cando di: “... *que se cree o programa de voluntariado medioambiental municipal cos obxectivos do coidado ....*” , que se diga: “*cos obxectivos mínimos do coidado .....*”, porque pode haber outros ademais dos que se enumeran na moción. Di que, incluíndo esa matización, están plenamente de acordo.

O voceiro do BNG, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, di que non hai ningún problema en incluír esa expresión.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que dende o grupo municipal popular comparten plenamente a moción. Di que todos os concelleiros lembrarán que, xa nalgúns ocasións, dende o PP se recordou a cantidade de bicicletas, lavadoras e obxectos que están depositados na ría. Alguén os ten que recoller, e se esta é a forma de conseguilo, di que contan co total apoio do seu grupo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo tamén vota a prol, porque é unha iniciativa compartida por eles.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), di que tamén está de acordo.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a corporación, acordou:

Crear un programa de voluntariado medioambiental municipal cos obxectivos mínimos do coidado e posta en valor das rutas homologadas, do contorno do río Mero e, da preservación e posta en valor do patrimonio forestal e natural do territorio municipal. Para este obxecto será desenvolvida unha ampla campaña de difusión e captación de persoas voluntarias, tendo como meta a súa formalización dentro deste ano.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

**C) Moción do grupo municipal de EU-IU para o acondicionamento dunha zona de baño e espaxamento nas inmediacións da ponte das Insuas**

Rexistrada de entrada ao núm. 10613 o día 23 de agosto de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“As ribeiras do río Mero en Cambre contaron ao longo dos anos con moitos lugares que tradicionalmente foron utilizados como zonas de baño e recreo para os cambreses/as, e

moitos visitantes que gozaban do contorno e da paisaxe natural do río, convertindo nun importante foco de atracción turística achegando beneficios económicos para o noso pobo.

As zonas máis concorridas eran: A Marisqueira, Pozo da Campá, Retorta, As Insuas, Muíños de Naia, O Noceiro, Cela ou a recentemente desaparecida no Muíño de Peiraio. Recuperar algunhas destas zonas debe ser un compromiso da corporación municipal de Cambre ante os seus veciños/as; agora pode ser o intre apropiado para dar o impulso necesario para o desenvolvemento dun proxecto respectuoso co río e co seu contorno ambiental.

Un dos lugares máis concorridos foron as “Insuas”, utilizada por moitas xeracións de cambreses/as, este lugar ben podería acondicionarse para unha primeira zona de baño e espaxamento, aproveitando o espazo natural de especial fermosura e riqueza paisaxística, compatible co espazo natural do río e as súas ribeiras.

Na actualidade asistimos á recuperación ambiental das ribeiras do río mediante o Proxecto de obras complementarias, e deberíamos aproveitar para reservar e posteriormente acondicionar as áreas destinadas ás instalacións mencionadas.

Por todo o exposto o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O goberno municipal iniciará de inmediato os trámites e actuacións necesarias para a elaboración dun proxecto para a construción dunha zona de baño e espaxamento nas inmediacións da ponte das Insuas, mediante un proceso de información pública aberto aos colectivos e persoas interesadas.

Segundo: Que a Alcaldía en nome da corporación municipal de Cambre, inicie de inmediato as xestións necesarias para requirir e acadar dos organismos competentes e demais entes supramunicipais, formulándolles a devandita demanda e a súa colaboración para a elaboración e execución do mencionado proxecto.

Terceiro: Nos orzamentos municipais do próximo ano 2009, destinarase unha partida específica para a elaboración do proxecto, á parte dos fondos que poidan achegarse de subvencións ou axudas procedentes doutros organismos públicos, para a actuación proposta.

Cuarto: Que, de toda resposta ou actuación posterior que se produza en relación coa presente moción, o goberno municipal manteña puntualmente informado ao pleno.”



Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que EU-IU nomea distintas zonas respecto das cales están de acordo, pero que como todos saben, agora está a facerse unha segunda actuación no río Mero, a través da Confederación Hidrográfica. Pensa que debe ser unha vez que Augas de Galicia asuma o mantemento para a conservación do río Mero, cando se faga un estudo, no só das Insuas, senón das distintas zonas ao longo do río, dende a ría a Cecebre, pois poden ser zonas de baño ou ocio. Propón que unha vez se termine a fase que está a facer a Confederación e a entregue a Augas de Galicia, se manteña unha reunión con Augas para chegar a asinar algún tipo de convenio ou acordo, tanto sobre o mantemento e conservación do río, que vai ser un problema económico importante, como para estudar debidamente as zonas que poidan ser dedicadas a baño.

Di que, polo tanto, propón agardar para non estudar só a zona das Insuas. Agardar a que se faga toda a repoboación, porque a zona das Insuas non é a zona na que se bañaban hai anos, esa é unha zona que está invadida, que non vale. Están falando de máis abaixo, porque rechearon a estrada, e tiraron as árbores. Pensa que sería bo fixar dúas ou tres áreas de descanso e de expansión, dende a ría a Cecebre, porque ninguén pode olvidar que a zona máis importante era a zona de Peiraio.

Conclúe dicindo que está de acordo en que se faga un estudo das zonas, de que se pode poñer en cada zona, porque todos saben que as zonas que quedan entre o río e As Motas son zonas protexidas por Augas de Galicia, e calquera tipo de construción que se faga ten que ter a súa autorización.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que cando presentaron a moción non o fixeron á lixeira. Xunto con algunhas persoas que colaboraron co seu grupo, fixeron un estudo ao longo da ribeira do río, e consideraron que efectivamente hai varias zonas que se poden adecuar para este tipo de áreas de esparexemento, recreo e baño, pero que a zona que máis axeitada atoparon foi nas inmediacións da ponte das Insuas. É consciente de que a zona onde antes se bañaban está practicamente ocupada e non hai espazo físico para poder desenvolver o proxecto, pero si pouco máis arriba, en fronte do que viña sendo a finca de Cervigón si que hai unha zona que eles consideran unha das mellores ao longo do río, unha zona adecuada onde hai uns castiñeiros, uns carballos, onde se podería adaptar para zona de baño e para un parque poñendo alí unhas mesas e uns bancos, e onde a xente poida gozar do río e do seu contorno natural.

Di que cre que se debería comezar, de inmediato, a elaborar un primeiro proxecto para unha zona de baño na ponte das Insuas, e non quedarse nesa ponte, porque se antigamente había sete áreas tradicionais de baño, no futuro poderíanse acondicionar aínda máis. En todo caso, neste momento a zona que eles mencionan, e respecto da cal achegan un pequeno mapa anexo, reúne perfectamente as condicións para facer unha zona de baño e espaxamento perfectamente adecuada ás necesidades dos veciños e veciñas de Cambre. E no futuro poderanse ir acondicionando máis, por iso o seu grupo mantén a proposta da moción.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que pensa que podería haber unha solución alternativa, á marxe das propostas que poidan facer outros grupos políticos, que sería que todos asuman, como compromiso global, a petición ao organismo competente neste momento, que é Augas de Galicia, por delegación da Confederación e do Ministerio de Medio Ambiente, de que se faga un estudo global de todo o río Mero na súa traxectoria polo municipio, para que se avalien as posibilidades de ocio que presenta o río e a ribeira en todo o seu traxecto, non só no tramo das Insuas, senón en todo o río. Poden asumir todos globalmente esa petición, e incluso participar, se así se decide, economicamente o concello co organismo competente na materia para elaborar ese estudo, pero global, porque iso vailles permitir ver as posibilidades de actuación e de ocio que presenta o río en toda a súa traxectoria polo termo municipal de Cambre.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que el, evidentemente, non vai estar en contra de que se faga un estudo global, pero un estudo global tendo como preferencia especial a zona da ponte das Insuas, porque pensa que é unha sensibilidade compartida por todos os veciños e veciñas de Cambre, e pensa que tamén por gran parte da corporación. Di que agora mesmo estaba a mirar unha nota de prensa do ano 2002 onde o alcalde de Cambre dicía que quería crear praias fluviais no río Mero. Iso foi hai un montón de anos e seguen como estaban. Todos son conscientes de que os veciños de Cambre non teñen áreas de recreo. Por iso eles aceptarían o estudo global sempre que se puxese de primeiro a zona das Insuas, e sempre que a moción non quede na papeleira como quedan moitas máis.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que eles sempre pediron as zonas de baño, pero que non é fácil que autoricen esas zonas no río Mero. En todo caso, non se trata só de buscar a zona de baño, senón que hai que fixar a zona idónea do río, zonas onde se poidan meter coches, facer uns aseos, é dicir, unha zona de baño require outros servizos importantes. Por iso, dicir que ten que ser nas Insuas porque o propón un grupo, outro grupo pode dicir que sexa en Peiraió, etc.. Ademais, neste tema dependen de que Augas de Galicia os autorice, porque todo o que eles poidan dicir agora pasa por acadar a autorización de Augas, sen a cal

non se pode facer nada. Nestes momentos non se pode facer nada porque está a traballar a Confederación, e despois será Augas de Galicia á que lle poderán propoñer algún proxecto e así poder traballar, tentando facer proxectos con cargo aos distintos orzamentos, cada ano unha zona ou o que se poida facer. Di que habería que escoitar a todos os grupos porque hai que valorar moitas outras cousas, sobre todo que haxa espazo para poder acceder ás zonas comodamente, que haxa sitio para poder meter servizos, é fundamental. Son dous problemas gordos que van ter. Por iso propón escoitar a todos os grupos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás explica que por iso pide na moción que se faga un proxecto adecuado á zona. El non se limita á zona das Insuas, é unha primeira zona, pero existen outras moitas. O que teñen que facer é un proxecto que se adapte, con zonas de aparcamento, aseos, e todo o que requira unha zona dese tipo. Tamén sabe que dependen doutras administracións, por iso di a moción que se poñan en contacto coas administracións con competencia na materia para poder acadar o seu obxectivo. Di que el non se pechou en banda a que sexa nas Insuas, pero que ao longo do río foi unha zona que eles viron como a que máis se adaptaba á súa proposta, e por iso a propuxeron.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que respecto da nota de prensa do ano 2002, no seu momento el escoitou que non se puido facer porque Augas de Galicia non o permitía, non permitía zonas de baño porque a depuradora de auga para consumo urbano está moi cerca. Di que se esa versión era a correcta antes, entón probablemente tamén o sexa hoxe, e que, por tanto, o primeiro paso sería saber se de verdade se pode facer unha zona de baño no río Mero.

O Sr. alcalde sinala que a moción o que propón é a recuperación de espazos naturais no río. Iso é o que se pode solicitar. Outra cousa son as infraestruturas que se teñan que meter entre as zonas. Di que para que o concello faga calquera tipo de infraestrutura ten que ser en calquera parte fóra das Motas.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que do que se está a falar é dunha zona de baño, e que unha zona de baño é para bañarse, non están falando só de espaxemento, e polo tanto se non se podía bañar ninguén no 2003, o primeiro paso será saber se realmente se pode facer agora esa zona de baño, porque de nada vale discutir o resto se non se pode facer.

Continúa dicindo que levan moitísimo tempo falando do río, porque non se trata só de facer unha zona de baño, eles tamén trouxeron un rogo polo tema das sendas, agora xa se están rozando, pero foi algo case espontáneo, non hai un plan para mantemento do río. Acaban de

enterarse de que están coa fase dúas porque curtaron uns plátanos que estaban protexidos, senón tampouco saberían que están con esa fase dúas. Lémbrale ao Sr. alcalde que cando o outro día se reuniron os voceiros cos representantes da Confederación, el preguntou se o concello non tiña nada que dicir nos distintos proxectos, na primeira e segunda fase. Dixéronlle que si, e pregunta que pasa entón, que se non teñen nada que dicir ou que se non se enteran. Pensa que a moción de EU-IU, con independencia de que se poida levar adiante ou non, o seu fondo é que dunha vez por todas se faga un proxecto para o río Mero, que se coide, que se manteña e que estea claro quen o ten que facer.

Conclúe dicindo que, por todo o anterior, o seu grupo apoia a moción, coas modificacións que haxa que facer, pero que o espírito da moción é manter o río.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que este tema ten unha certa complexidade. Pensa que co tema do río non hai que ter présa, senón que o que hai que estar é vixilantes. Pensa que o fundamental co río Mero foi un traballo, un esforzo e unha presión importante que se fixo a partir do ano 2000 para modificar un proxecto que era absolutamente destrutivo. A partir de que comezaron as obras do proxecto reformado a moitas persoas lles levantou moitísima preocupación, porque sobre todo na fase de obra non se ve como van acabar as cousas. Di que neste momento o río é fundamentalmente futuro, aínda que xa se nota e tamén é presente. Gustaríalle que se reflexionase con calma sobre as propostas que se vaian facer para ver como vai quedar definitivamente. Por iso parécelle que non sería bo aprobar este tipo de propostas pola vía de urxencia e dunha moción, senón mediante unha discusión e acordo entre todos.

Previamente quere dicir que a el lle parece ben a moción, que está de acordo, pero con algúns matices, por exemplo, non sabe se ten que ser nas Insuas, porque hoxe a xente onde vai a bañarse é a Cecebre, onde estaba o antigo merendeiro, e onde moitos rapaces de Cambre están indo a diario. Pero, en todo caso, o máis importante é que hai un grandísimo espazo público, pensa que máis dun millón de metros cadrados, que se acadaron para o patrimonio público, que non son de ninguén senón de todos, que se está facendo un traballo de repoboación con problemas porque foron eles precisamente os que instaron a que se convocara a reunión coa Confederación, porque lles parecía que era desmesurada a actuación que estaban facendo con algúns exemplares, en concreto cos dous plátanos que talaron na estrada vella, pero que hai que tomar as cousas con calma.

Di que hai unha primeira cuestión que, como apuntaba o concelleiro do PP, hai que aclarar con Augas de Galicia, a cuestión de se van permitir o baño. El non o ten claro, pode que

agora aproben unha moción que propoña zona de baño e que logo non se vaia poder facer. En todo caso, pensa que todos están de acordo en preparar determinadas zonas que se gañaron para o patrimonio público, pero non en dicir agora exactamente cal vai ser o lugar, en que parroquia vai a ser. Pensa que é mellor que o estuden con calma porque ese vai ser un traballo para anos. O traballo de repoboación que están facendo agora é unha cuestión que se vai a ver dentro de moitos anos, aínda van aparecer moitas cousas, pensa que para ese traballo convén sentarse con calma, falar cos técnicos e ver as opinións de todos os grupos e do resto dos cidadáns para definir exactamente onde se van facer as cousas.

Segue dicindo que cre que a parte expositiva da moción é correcta, están de acordo con ela, porque ademais recolle un pouco o espírito que teñen todos, pero definir exactamente onde se vai facer unha actuación que aínda non saben se legalmente é posible e se tecnicamente é a máis axeitada, parécelle esaxerado e que sería cuestión de discutilo. Por iso respecto do primeiro punto onde xa se define claramente o sitio cada quen pode ter a súa opinión, e polo tanto non lle parece adecuado sometelo a votación. Pide a EU-IU que reconsidere a definición exacta dese primeiro punto, que se manteña nunha cuestión máis xeral que poidan aprobar, e que sexa unha decisión de toda a corporación traballar para recuperar esas áreas para o goce de todos, porque son patrimonio público, patrimonio de todos.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), di que el está basicamente de acordo coa moción, e ao mesmo tempo coas manifestacións que fixo o voceiro do partido socialista respecto de facer un estudo do conxunto do río Mero ao seu paso por Cambre, e buscar as zonas máis idóneas para poder montar esas áreas de recreo. Por iso el apoiaría esa postura, facer un estudo do conxunto do río.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor expón que todas as posturas mantidas polos grupos políticos son válidas, polo que pide que se faga un esforzo entre todos, en Xunta de Voceiros, que pensa é o órgano máis adecuado para iso, de chegar a unha moción institucional que coa forza e o respaldo de todos os grupos poidan trasladar ao organismo competente para que se faga ese estudo global. Di que supón que tampouco ninguén se negará a que se faga unha incidencia especial na zona das Insuas que, se tradicionalmente foi unha zona destinada a estes fins, e coa salvidade que fixo o Sr. Cubeiro de que Augas de Galicia autorice o uso do río para o baño, poderían presionar para que se consiga nalgunha zona concreta coas garantías técnico-sanitarias adecuadas.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que para todos os veciños e veciñas de Cambre é evidente que a zona das Insuas foi sempre unha zona tradicional de baño. Di

que no punto segundo da moción se recolle o compromiso de porse en contacto de inmediato coas administracións que teñan competencia no tema, que é importante recadar información tanto da Xunta de Galicia como de Augas de Galicia, e pensa que iso queda ben claro. Di que van aceptar que na Xunta de Voceiros se trate este tema, matizando a preferencia da zona das Insuas. Eles non suxiren ese lugar porque queiran eles, o que recolleron foi a sensibilidade dos veciños e veciñas de Cambre, e consideran que mirando ao longo de todo o río é unha zona que se adapta perfectamente ao fin que pretende a moción. Quédanse por tanto coa última proposta que fixo o voceiro do PSdeG-PSOE, tratar e determinar na vindeira Xunta de Voceiros o que se vai facer e a que se vai instar ás distintas administracións con competencia no tema. O primeiro, ante as dúbidas do Sr. Cubeiro que parece pensar que a Xunta de Galicia non vai autorizar o baño no río Mero, cando o certo é que en bastante ríos de Galicia se permiten zonas de baño. Dende Cambre teñen que loitar para que se consigan.

O Sr. Cubeiro Martínez manifesta que non cre ter dito que estea convencido de que non se poden facer unhas zonas de baño, el dixo que a versión oficial no 2003 era que non se podía, e que se esa versión segue sendo certa, que haberá que comezar por aí. De dicir iso a dicir que el está convencido de que non se pode facer unha zona de baño hai bastante diferenza.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a corporación, acordou:

Levar á Xunta de Voceiros a elaboración dunha moción institucional co fin de acadar que, polos organismos competentes, se definan e habiliten as áreas idóneas para situar zonas de baño e espaxemento na ribeira do río Mero.

### **9º Informes da Alcaldía**

De orde do Sr. alcalde dáse conta pola secretaria accidental da corporación dos seguintes asuntos:

- Da sentenza ditada o 3 de xullo de 2008, polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sección 2ª da Coruña, ditada no recurso

contencioso-administrativo n.º 4008/2006. Consta da seguinte parte dispositiva:

“... Estimamos en parte o recurso contencioso-administrativo interposto ... contra o acordo de 29-9-05 do Concello de Cambre polo que se aprobou a Ordenanza de Normalización Lingüística do citado concello, e anulamos, por ser contrarios a dereito, os seguintes artigos e particulares:

O artigo 1.3.

Os termos “rogos, preguntas” do artigo 3.2.a).

O termo “xeralmente” do artigo 5.4.

Os termos “ou nas áreas limítrofes de fala galega” do artigo 8.1.

Os termos “independentemente do feito de que esta documentación ou os expedientes que con ela se relacionan teñan o seu efecto fóra deste ámbito” do artigo 8.2.

O termo “xeralmente” do artigo 9.

Os artigos 10, 11 e 12.

No demais desestimamos o recurso. Non se fai imposición de costas ...”

A secretaria accidental informa que se traerá ao vindeiro pleno a rectificación da ordenanza en cumprimento da sentenza.

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1514, de data 4 de agosto de 2008, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avogar a delegación xenérica efectuada a prol de don Francisco Javier Varela Tejedor durante os días 5 e 6 de agosto de 2008, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 10 de xullo de 2007.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

## **10º Rogos e preguntas**

### **Rogos do PP presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 10589 o día 22 de agosto de 2008.

1º Transcorridos varios meses dende a corta das árbores do Camiño Inglés ao seu paso pola parroquia de Sigrás, rogamos ao equipo de goberno que nos informe do estado no que se atopa o expediente de reposición da legalidade urbanística incoado para o efecto e das medidas que se adoptarán contra os responsables da corta.

O Sr. alcalde di que está pendente da resolución definitiva e do procedemento da Consellería de Cultura. Que todo está nos servizos xurídicos e que agardan solucionalo definitivamente canto antes, pero tendo en conta que ten que intervir a Consellería de Cultura.

2º As sendas construídas nas beiras do río Mero atópanse nun estado lamentable. Na actualidade non existe ningún convenio para o mantemento destas zonas, aínda que o ente responsable de realizalo é Augas de Galicia. Por este motivo e ante a falta de conservación do lugar rogamos ao equipo de goberno que solicite unha entrevista dos responsables de Augas de Galicia con todos os voceiros desta corporación para solicitar a sinatura dun convenio para o mantemento das beiras do río Mero.

O Sr. alcalde contesta que non hai convenio ningún, o que se fixo por parte do concello foi limpar e rozar con carácter urxente porque a maleza ocupaba todo. A reunión que se vai ter é coa Confederación e con Augas de Galicia, unha vez que se faga toda a repoboación, para ver en que condicións queda e que compromiso adquire Augas de Galicia para a súa conservación e mantemento.

3º No pleno ordinario do mes de novembro de 2007 o noso grupo municipal presentou unha moción na que solicitaba que a edición do Certame de Pintura deste ano contara cun premio especial, debido a que alcanzará a súa vixésimo quinta edición. Ademais desta proposta, solicitábase que se realizara un inventario de todos os cadros adquiridos polo concello nas 24 edicións anteriores, que se realizara unha valoración deles e se era posible, que se expuxeran ao público e que se editara un catálogo ou unha guía para a súa difusión. Transcorridos 9 meses dende a aprobación da moción cos votos deste grupo e do equipo de goberno, rogamos ao equipo de goberno que nos informe do estado no que se atopa o inventario e de se se realizou algunha xestión para a exposición e difusión das obras.

Dona Erundina Prado Arcay, concelleira de Cultura e Turismo, contesta que efectivamente nunha moción do PP de novembro de 2007 se pedía que dotasen ao Certame de Pintura, no seu 25 aniversario, dun premio especial. Nese momento agradeceron o interese do PP polo tema, aínda que xa con anterioridade o seu grupo decidira dotalo dese premio. Así quedou reflectido no premio especial de 10.000 euros nos orzamentos municipais.



Continúa dicindo que no que se refire ao inventario xa está feito, e que só falta actualizar o último ano, porque ese inventario vai ter que sufrir algunhas pequenas modificacións, xa que ultimamente houbo algúns cadros que tiveron un cambio de colocación. En canto á valoración terán que ver se é posible, porque facer unha valoración de todos os cadros que teñen nestes momentos non é unha tarefa fácil, pero intentarán buscar a persoa adecuada que o poida facer. En principio seguen traballando no tema e agarda que a finais de ano teñan todo cumprido.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que é verdade que na moción que presentaron pedían ese premio, pero o que principalmente lles preocupaba era o inventario e o catálogo. Queren saber realmente o valor do certame de pintura, e lembra que houbo hai pouco unha moción de EU-IU na mesma liña. Di que eles queren ter un inventario, un catálogo e ofrecer os cadros para exposicións, para ver se realmente eses cadros teñen valor, que valor é o que teñen, e se realmente é interesante seguir por ese camiño ou modificalo. A importancia do catálogo e inventario é esa, non é simplemente saber o que teñen ou o que non, aínda que iso tamén é moi importante.

Dona Erundina Prado Arcay di que están de acordo en que é necesario e que tamén eles están interesados en ter unha valoración deses cadros, pero que neste momento non a teñen.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pregunta se a terán, entón, para finais de ano.

Don Erundina Prado Arcay contesta que agarda que si, pero sempre que encontren a persoa adecuada, porque non é fácil facer unha valoración dese estilo, pero que intentarán tela o máis fidedigna e aproximada posible.

### **Rogos do BNG presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 10670 o día 25 de agosto de 2008.

1º Sobre as beirarrúas en construción entre a ponte das Insuas e Os Campóns. A obra de construción destas beirarrúas está paralizada desde comezo deste mes de agosto. Ademais a súa execución deixa tramos moi estreitos e perigosos para os peóns. Lembramos que esta senda será utilizada sobre todo por estudantes do instituto de Sigrás e para unir Sigrás coa capital municipal.

O grupo municipal do BNG insta ao goberno municipal para que se adopten as medidas necesarias para a continuación inmediata das obras e, para que, por parte da Deputación Provincial, se complete a expropiación dos terreos necesarios para unha execución adecuada da obra. Así mesmo, que se informe do control e seguimento que se está a facer desta obra.

O Sr. alcalde contesta que hai uns días estiveron falando coa Deputación, porque ademais da expropiación do terreo, tamén lles preocupa o tema das sebes que están chegando á casa que coñecen todos de Brocos, porque no concello non consta que teñan pedido ningún permiso. Di que pode ser que llo teñan pedido a Estradas, pero que a persoa que está agora de enxeñeiro quedou de comprobar se había algunha solicitude, porque de non ser así, van iniciar o expediente para que o saquen de inmediato, iso independentemente de iniciar o expediente de expropiación.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que se eles faláron de que se aumentase a expropiación foi porque entendían que as sebes alí colocadas tiñan autorización, se non a teñen, evidentemente hai que quitálas canto antes, porque sería unha mágoa que unha obra sobre a que xa hai un ano o BNG presentou unha moción para que se fixera, e que foi cando o equipo de goberno anunciou que tiña un acordo coa Deputación para executala, quedara agora cunhas dimensións tan estreitas.

2º Sobre os “platanos de sombra” talados na estrada Cambre á Rocha. Na reunión mantida o pasado 12 de agosto entre os voceiros municipais, o alcalde e técnicos da Confederación Hidrográfica, estes recoñeceron que foi a empresa que está executando traballos no río Mero a autora da corta de dous plátanos de sombra, no tramo vello da estrada que daba acceso á antiga ponte das Insuas. Aduciron descoñecer a protección das árbores desta estrada e, comprometéronse a repoñer os exemplares talados, tal como lles foi esixido polo voceiro nacionalista.

Desde o grupo municipal do BNG de Cambre instamos ao goberno local a que se formalice coa Confederación este acordo e se garanta a reposición efectiva.

O Sr. alcalde contesta que niso están, que cando estiveron cos técnicos dixerón que a primeira semana de setembro virían para velo, e quedaron tamén de que dende o concello se numerasen as especies que quixeran. Aproveita para dicirlles aos compañeiros da corporación que, se se van a ver as zonas de posibles áreas de descanso, que non estaría de máis facer un control das árbores que cren que se deben de protexer.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que a eles o que lles gustaría é que o que recoñeceron verbalmente e se comprometeron, que o formalicen, porque se pasa o tempo se olvidarán e haberá que facer, entón, outro tipo de actuacións ao tratarse de árbores protexidas.

### **Rogos de EU-IU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 10613 o día 23 de agosto de 2008.

1º No pleno municipal extraordinario que tivo lugar o pasado día 13, aprobamos inicialmente os orzamentos municipais.

O noso grupo prega que transcorridos os prazos correspondentes, de acordo co establecido no artigo 169 do TRLFL, se expoñan na páxina web do concello.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que no momento en que os orzamentos teñan vixencia legal, que cre que de non haber alegacións será o vindeiro día 6, estarán expostos na páxina web.

2º O noso grupo ten observado que nos bandos ditados pola Alcaldía sobre a obrigaón dos veciños/as de manter os terreos, montes e soares, nas mellores condicións de limpeza e coa masa vexetal rozada, polo risco que supón de producirse incendios, temos comprobado que o seu cumprimento na maioría das veces quedan sen resolver a execución dos expedientes, logo do informe dos técnicos municipais. Este feito provoca un malestar en moitos veciños/as, que ven ameazadas as súas propiedades ante a pasividade dos responsables do goberno en darlle solución ao problema.

Chama a atención as reiteradas denuncias presentadas por propietarios de terreos e vivendas en varios anos consecutivos, sen que a día de hoxe se teña tomado unha determinación sobre o grave problema, acentuando máis a desconfianza os responsables do goberno e a propia institución municipal.

O grupo municipal de EU-IU prega ao goberno do concello, dea cumprimento ás resolucións ordenando a execución dos traballos segundo se dita na propias resolucións.

Que no caso concreto de inminente perigo para as persoas e os seus bens, se actúe de oficio antes de que teñamos que lamentar desgrazas maiores.

O Sr. alcalde contesta que, dende hai bastante tempo, veñen facendo cumprir as ordes ditadas nos bandos e se preparan resolucións, o que pasa é que o número de reclamacións presentadas é moi elevado porque ninguén limpa os terreos. Hai unha gran cantidade de expedientes abertos que se están facendo. Loxicamente se se trata de casos urxentes ou gravosos, afróntanse de oficio. Di que nestes momentos non ten os resultados dos expedientes tramitados, pero que son varios, e que lles dará os datos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que é verdade que hai un montón de expedientes abertos, pero que como dicía o rogo, logo dos informes dos técnicos municipais que están a facer o seu traballo, logo non se cumpren as resolucións. Di que hai centos de expedientes abertos e que el ten copias de tres denuncias feitas no concello, en anos consecutivos, respecto dun terreo, que non tiveron contestación, iso co risco que supón ter a maleza ao lado das casas e vivendas.

Continúa dicindo que xa hai algúns meses fixera un rogo ou unha pregunta sobre este tema no pleno, e que se lle contestou que había expedientes abertos, pero que resolucións ningunha, que neste concello non se actúa de oficio. Di que no pasado pleno, nunha pregunta máis ou menos neste sentido, se contestou pola concelleira responsable que ou ben o facían os propietarios, ou senón que actuaba o concello, pero que el se pregunta cando actuou o concello nestes casos, e di que tamén se o pregunta a xente de Cambre. Pídelle ao Sr. alcalde que se se actúa nalgún sitio que llo diga.

O Sr. alcalde responde que pensa que se fixo unha campaña importante de rozas ás beiras dos camiños, e que se fixeron cantidade de rozas. Di que outro tema son os terreos internos, respecto dos cales hai unha gran cantidade de expedientes abertos. Di que lle pedirá ao técnico responsable un resumo de como están e que llelo pasará. Recoñece que pode haber algunha carta sen resposta ou contestación, pero que outras se fixeron, talvez non ao ritmo das denuncias que hai, pero que se está actuando.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que é certo que se actúa nas beiras dos camiños, pero que este tipo de actuacións son diferentes, que se trata de propiedades privadas.

O Sr. alcalde expón que cando se trata de terreos privados se pode chegar ao xulgado. O concello ten unhas obrigas, pero non ten porque limparlle o seu terreo a ninguén, ademais de que para entrar no terreo o primeiro que teñen que ter é autorización dun xuíz.

O Sr. Taibo pregunta para que se ditan entón as resolucións.

O Sr. alcalde di que o concello dita bandos para todo o mundo, pero que non ten capacidade para limpar el todos os terreos, porque son moitas as denuncias que existen.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que no pasado pleno, a concelleira responsable, lles dixo que se os propietarios non limpaban os terreos, o concello actuaba de oficio. E que por outra banda está o tema de que os veciños presenten ata tres escritos e non se lles conteste.

O Sr. alcalde manifesta que se o piden, se comprobará porque non se lles contestou.

O Sr. Taibo di que entón terán que presentar un cuarto escrito.

3º Os días de feira en Cambre, acumúlase no recinto do campo unha cantidade de lixo producido pola propia actividade. O pasado día 2, observamos como os contedores reservados para tal fin, estaban repletos de lixo, e nas súas beiras había restos acumulados en pequenos montóns. Este feito desmerece o propio campo e o seu conxunto, dando unha mala imaxe, como un lugar de esparexemento e recreo público.

Rogamos se dote de recipientes suficientes de recollida de lixo nos días 2 e terceiro domingo do mes, co obxecto de dar cobertura ao servizo e facilitar un mellor traballo aos empregados da empresa.

Que por parte dos responsables do concello e da empresa concesionaria se determine cal é a cantidade de contedores necesarios para depositar o lixo e os instalen.

O Sr. alcalde acepta.

### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 10590 o día 22 de agosto de 2008.

1ª Onde se realiza na actualidade a limpeza dos camións que se utilizan en Cambre para os traballos de limpeza de contedores?

O Sr. alcalde contesta que imaxina que nos seus talleres.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, dille que imaxina mal, di que están a facelo na vía pública.

O Sr. alcalde respóndelle que se iso é así, que o denuncie.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez expón que hai unha empresa en Cambre que foi denunciada en varias ocasións por malos olores, e que esa empresa tomou todas as medidas necesarias para evitalo, e o corrixiu. Di que ultimamente nesa zona estanse producindo malos olores e que por iso dende a empresa estiveron vixiando durante un mes ata que detectaron que o Consorcio fai diante deles, na vía pública, o lavado dos camións. Di que presentaron denuncia ante a Policía Local do concello e que, polo tanto, o concello ten coñecemento deses feitos.

Engade que cando un grupo municipal presenta unhas preguntas é para que o grupo de goberno se informe e logo lles informe a eles.

O Sr. alcalde responde que, en principio, pensan que os camións se lavan nas súas naves, pero que se investigará a denuncia.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, sen prexuízo de que o Sr. alcalde teña razón en que calquera veciño, e máis os membros dos grupos municipais, poidan denunciar os feitos que se producen na vía pública, recibiron un escrito do Consorcio, de data 26 de agosto, no que se acusa recibo do fax no que se solicitaba información relativa ao lugar onde se realiza a limpeza dos camións que se utilizan en Cambre para o traballo de limpeza dos contedores.

O Sr. Varela Tejedor dá lectura ao escrito do Consorcio no que se informa que o lavado da totalidade do parque de camións á súa disposición, se realiza no tren de lavado disposto pola empresa, tanto nas naves centrais sitas en Bergondo, como nas auxiliares de Arteixo, estando un peón dedicado a esas funcións. Di que esa foi a resposta oficial do Consorcio, pero que se existe algunha dúbida, tomarán nota e a trasladarán.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que unha empresa denunciou, con fotos incluídas, ante a Policía municipal, e que esta se personou e atopou o camiión do Consorcio in situ, e que recoñeceron que o levaban facendo tempo. Di que a Policía municipal ten a denuncia, as fotos e o testemuño do condutor.

O Sr. alcalde contesta que, entón, esa será unha actuación que haberá que sancionar e que se comprobará.

2ª Durante estas semanas está tendo lugar unha actividade promocionada polo equipo de goberno e denominada “Tapas de Cambre”. En que consiste esta actividade? Cantos establecementos se adheriron? Cal é o custo da actividade e en especial, canto gastou o equipo de goberno en publicidade?

Don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro de Facenda, Comercio e Emprego, contesta que cando no mes de decembro fixeron unha campaña que se chamaba “renos gardanenos”, que era unha campaña pola cal a xente podía ir de compras por Cambre e deixaba o neno nunha das garderías do municipio, subvencionados polo concello, e que se trataba dunha campaña que xa estaba practicamente deseñada cando el chegou á Concellería, resultou ser un fracaso, xa que practicamente ninguén a utilizou. A conclusión á que chegaron foi que practicamente ninguén estaba interesado en ir de compras por Cambre. Ante iso pensaron que había que facer algo para lograr que a xente fora de compras, porque as compras que se fan no municipio son puntuais, sen que a xente vaia polas rúas para ver que é o que poden atopar.

Continúa dicindo que dende a súa Concellería pensaron en que se podía facer para que os miles de coches que pasan por Cambre, parasen no municipio, xa que, obviamente, non teñen un tecido comercial tan potente para que el só atraia á xente. Entenderon que o único tema forte que había en Cambre era o tema da hostelería, e que se a potenciaban poderían facer que as miles de persoas que pasan polas estradas cambresas parasen e entrasen e así , á vez que fosen aos establecementos hosteleiros, farían compras nas zonas de Cambre. Di que ese foi o espírito do proxecto.

Segue dicindo que para potenciar o tema da hostelería se podería ter feito a través dun selo de calidade que era algo moi complexo, así que se optou por potenciar a través dunha especie de marca como “Tapas de Cambre”, para iso chegaron a un acordo coa Escola de hostelería de Galicia, que está en Santiago, dependente de Turgalicia, da Consellería de Industria, para que fixese un conxunto de tapas. Di que levaron alí ás persoas interesadas, que nun principio eran 8 ou 9 establecementos da zona do Temple, que fixeron unha especie de preselección, e lanzaron o proxecto de “Tapas de Cambre”, que é o que actualmente está en marcha.

Respecto do custo di que é practicamente nulo porque hai unha subvención de Caixa Galicia para actividades nesa liña, duns 12.000 euros, e que practicamente cubre todos os custos. En particular, sobre a pregunta do custo da publicidade, o anuncio de “La Voz de Galicia” foi de 3.465 euros.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, solicita copia da factura.

O Sr. Salcines Cristal contesta que non hai problema. Polo demais, di que a experiencia está sendo positiva, que hai dous establecementos na zona do Temple e tres na zona da Barcala. Di que cando sirven as tapas durante os fins de semana, que se venden todas, polo que entenden que o proceso vai ben. O problema é que non chega con cinco establecementos, e que se necesitan máis, polo que consideran que é necesario darlle máis tempo a este proxecto, sobre todo tendo en conta que o custo para o concello vai ser practicamente nulo grazas á axuda de Caixa Galicia. Os resultados do proxecto saberanos con máis exactitude dentro de 6 meses.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, di que menos mal que todos os coches que pasan por Cambre non queren parar a comer tapas, porque non sabe onde os ían meter. Di que a existencia da subvención de Caixa Galicia dá un pouco de consolo, pero que se podería ter utilizado para algo máis interesante ou, polo menos, algo con máis de proxección, porque son cinco establecementos cando en Cambre hai moita maior cantidade deles. En canto a que se aposta pola calidade, di que en Cambre teñen dous restaurantes famosos en toda en España que non precisan promoción, porque xa a teñen por si mesmos, grazas a súa calidade.

Conclúe dicindo que dende o seu punto de vista non se tivo o resultado que agardaban porque a participación está sendo moi pobre en canto ao número de establecementos.

3<sup>a</sup> Numerosos veciños e profesionais manifestáronnos o seu malestar porque o Rexistro de entrada do noso concello non recolle escritos dirixidos á Administración xeral do Estado polo que se teñen que desprazar ata A Coruña para realizar as súas xestións. Por este motivo, os concelleiros do Partido Popular de Cambre preguntamos ao equipo de goberno se ten previsto adherirse ao Convenio marco entre a Xunta e a Administración xeral do Estado e os prazos previstos para facelo.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, agradece ao Partido Popular a súa pregunta porque serviu para que tivese coñecemento dalgo que descoñecía. Tiña o



convencemento inducido, non práctico, de que ese convenio xa existía. Di que lamenta o seu erro, e que tratarán de solucionar este problema da forma máis rápida posible.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que quere informar que o portelo único no concello funcionou, porque el mesmo tramitou varios documentos mediante ese servizo. En setembro de 1996 presentou o seu grupo unha moción sobre a implantación do portelo único, e no primeiro punto precisamente recollía que se realizasen as xestións necesarias diante do Ministerio das Administracións Públicas coa finalidade de concretar a sinatura dun convenio de colaboración para converter o Concello de Cambre en portelo único da Administración xeral do Estado. Di que el veu tramitando varios escritos, e que incluso as alegacións que presentou sobre o río Mero e o AVE as tramitou dende o concello, e que non sabe se agora se paralizou ou se é que non funciona.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, explica que existen dous convenios. Un é o do portelo único da Xunta de Galicia, que é un convenio ao cal está adherido o Concello de Cambre dende o ano 1998, e que se puxo en funcionamento o ano pasado. Di que agarda que se se asina o novo convenio durante este ano, ou o ano que vén, que non tarde 10 anos en entrar en funcionamento.

### **Preguntas do BNG presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 10670 o día 25 de agosto de 2008.

1ª Datos de escolarización nos colexios públicos de infantil e primaria para o curso 2008-2009. Solicitamos que se informe ao pleno sobre os datos de escolarización nos colexios de Cambre para o curso que comeza, incluíndo as demandas non atendidas, así como para o uso dos servizos complementarios de “mañanceiro” e comedor.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes, contesta que os datos poderán telos a semana que vén, porque faltan os datos dalgún colexio, pero que, en todo caso, pode dicir que as únicas demandas non atendidas, son tres alumnos de tres anos no colexio do Graxal, e que nos demais centros hai prazas para os demais cursos en todos practicamente. O informe exacto terao máis ou menos nunha semana.

Con respecto dos servizos de comedor están todos os colexios agardando o inicio do mes de setembro para facer as valoracións e saben máis ou menos as prazas que teñen cada un deles,

pero as solicitudes son moitas máis. Teñen que reunirse os consellos escolares e entón saberán cantos quedaron fóra.

Con respecto ao Mañanceiro, que si depende do concello, informa que houbo 85 solicitudes de prazas no Wenceslao, 60 sen almorzo e 25 con almorzo, atendéronse todas. No CEIP Portofaro, houbo 26, están atendidas todas. No CEIP O Graxal, 24 das 26 que tiñan. En Sigrás, 26. En Brexo-Lema, houbo 7 solicitudes que, polo tanto, non chegaron ao mínimo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que entende que aínda non estean todos os datos, pero que solicita o compromiso de que se informe ao pleno, no punto de informes, sen necesidade dunha nova pregunta, porque pensa que é un dato importante para xustificar a necesidade que hai de conseguir os terreos para o novo colexio e mellorar os servizos. Di que agarda que no vindeiro pleno ordinario lles poida dar toda a información. Finalmente di que soamente quere matizar que lles parece importante que queden nenos sen praza, aínda que só sexan 3, é importante.

2ª Sobre os traballos de elaboración do Plan Xeral. Desde o BNG seguimos a insistir na urxencia en presentar o documento do Plan Xeral.

Solicitamos do alcalde que informe sobre o calendario de traballo previsto para a redacción do documento e para as xuntanzas da Comisión Informativa especial do Plan Xeral.

O Sr. alcalde informa que o día 1 se incorporan o arquitecto e o xefe da área de Urbanismo, e agarda ter a primeira reunión do Plan Xeral a vindeira semana.

3ª Sobre o voluntariado de Cambre. Hai, na actualidade, algún técnico municipal encargado de dirixir e coordinar o voluntariado de Cambre?

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que lamentablemente teñen que dicir que especificamente non hai ningún técnico encargado de dirixir e coordinar o voluntariado en Cambre. Di que é vontade do equipo de goberno negociar cos grupos da oposición, na vindeira RPT, a creación deste posto de traballo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que a eles lles parece ben que se negocie, pero que é función do equipo de goberno gobernar, e designar as persoas para facerse cargo dos servizos e tarefas. Di que o voluntariado, tema que xa nalgunha ocasión trouxeron ao pleno, está tendo problemas. Parécelles que é un dos valores máis interesantes

que ten o concello, forxado ao longo de moitos anos, e as persoas que forman parte del están moi preocupadas. Di que saben que hai pouco presentaron un escrito nese sentido, para saber a que técnico ou técnica municipal se teñen que dirixir para coordinar o seu traballo, e con independencia de que se poida consensuar entre todos como vai funcionar no futuro, solicítalles que tomen unha decisión e que nomeen a unha persoa que sirva de interlocutora, que coordine e dinamice o traballo, porque senón van quedar sen voluntariado.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, en nome da concelleira de Asuntos Sociais, fai saber que nestes momentos hai un auxiliar administrativo, e ela mesma, preocupándose do tema do voluntariado, coa colaboración parcial dun educador social que nestes momentos tamén se ten que dedicar a outras competencias.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que pensa que todos son conscientes que un auxiliar administrativo non é a persoa adecuada para un traballo especializado como ese, e que espera que pronto se poida solucionar.

### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 10613 o día 23 de agosto de 2008.

1ª As compañías de telefonía móbil, conscientes da presión que os veciños/as, distintas organizacións sociais e partidos políticos como EU-IU realizan para que non se instalen indiscriminadamente as estacións base sobre os edificios, están a contraatacar instalando antenas máis discretas e completamente camufladas: as chamadas “picoantenas ou microceldas”.

Ante esta situación o noso grupo municipal pregunta:

Ten o goberno municipal constancia da instalación dalgunha antena destas características no termo municipal?

De ser positivo, teñen licenza estas antenas para emitir?

O Sr. alcalde contesta que no Departamento de Servizos non hai coñecemento desta situación, por iso solicita que se algún dos concelleiros o ten llelo comunique.

Don Juan Antonio Fernández López di que eles pensan que si o pode haber, e que dende o goberno local se debería facer algo por interesarse por este tipo de antenas que imaxina serán ilegais. En todo caso, di que o comprobarán e traerán o tema para próximos plenos, coa correspondente denuncia.

2ª En Resolución da Alcaldía correspondente ao 13 de novembro de 2007, existe o recoñecemento do pagamento dunha factura ao R.C. Deportivo da Coruña consistente na compra de tres bonos anuais da localidade de preferencia superior, correspondente á tempada 2006-2007, por un importe de 1.443 euros.

Pode informarnos o goberno local con que fin se adquiriron os mencionados bonos e dos seu posibles beneficiarios?

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes, informa que efectivamente é algo que corresponde aos anos 2006-2007, e que parece ser que se trataba dun convenio que se asinaba con R.C. Deportivo, de xeito que adquirindo eses tres bonos eles daban 50 entradas para levar rapaces a 15 partidos de liga do Deportivo, excluindo Real Madrid e Barcelona. Ten coñecemento disto porque ao estar nun colexio recibían cada dúas semanas esas solicitudes para repartir entre os nenos. Enviábanse aos colexios en función do número de alumnos para sortealas e xuntar 50 nenos que ían os domingos nun autobús que poñía o concello.

Continúa dicindo que na tempada 2007-2008 non se pagaron estes tres bonos, parece ser que por un erro do Deportivo que non mandou factura, e este ano parece ser que mandaron os bonos pero aínda non chegou a factura.

3ª O día 5 do mes que andamos, o noso grupo municipal presentaba no rexistro do concello e nas dependencias da Garda Civil, sendos escritos denunciando os cheiros nauseabundos nas proximidades da ponte vella na ría do Burgo, posiblemente procedentes dalgún colector ou tubaxe existentes no lugar.

Ten o goberno local coñecemento da procedencia e da orixe dos mencionados cheiros?

Realizouse algún tipo de investigación?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que os técnicos municipais investigaron e que posiblemente sexa polos lodos da ría e as

mareas, xa que os bombeos estaban en perfecto estado e non había constancia de ningún vertido.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que eles estiveron presentes varias veces no lugar porque os chamaron os veciños, e observaron, e fixeron fotos, dunha decantación de residuos perfectamente controlables, cun espazo abrancazado, posiblemente procedentes dunha tubaxe que pensan pode estar rota e que se filtra por alí. Iso está moi preto da ponte vella, fronte a Casa Leonardo. É suficiente con ir alí para ver os vertidos. A xente se queixaba porque ten pagada a ocupación de vía pública e a xente non paraba polo cheiro. Tamén informa que o Seprona xa tomou boa conta porque estivo presente alí.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín manifesta que se revisará.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Antonio Varela Saavedra

M<sup>a</sup> Fernanda Montero Carré